

1 A Biblia, un libro sagrado

Tres constatacións

- Católicos, protestantes, ortodoxos e xudeus –arredor de 2150 millóns de homes e mulleres– consideran a Biblia como o seu libro santosanto.
- Para moita xente, a Biblia non é un libro de fácil lectura. Por iso, aínda que oíse falar del ou o teñan na casa, non o leron. É un obxecto de adorno.
- Afortunadamente na actualidade os católicos amosan un interese pola lectura e o estudo da Sagrada Escritura, tradición cristiá tan antiga como a Igrexa mesma.

"Saborear a Biblia é máis importante ca saber cousas sobre a Biblia".

O nome

"Biblia" é unha palabra que en grego significa *libros*. En galego significa libro. A Biblia que manexamos, aínda que sexa un só libro, é coma unha pequena biblioteca que contén 73 libros diferentes: libros de historia, oracións, poemas, leis, narracións, cartas etc.

Os libros que forman a Biblia foron escritos ao longo de centos de anos, desde o século VIII a. C. ao século I d. C. Escribíronse principalmente en dúas linguas: hebreo e grego, aínda que tamén existen fragmentos en arameo.

Que é a Biblia?

Comezamos utilizando unha comparación: a Biblia é coma unha gran caravana:

- Camiña durante moito tempo e atravesa numerosos países (Mesopotamia, Exipto, Palestina, Siria, Persia, Italia...) antes de chegar a nós.
- Acumula cantidade de cousas destas épocas e países: hainas fermosas e fascinantes; tamén útiles; ás veces seméllannos estrañas, desconcertantes e ata escandalosas ou inútiles.
- Polas súas páxinas desfila unha variadísima gama de persoas que non viven como vivimos nós agora, nin teñen a nosa maneira de ver as cousas; pero son homes e mulleres cun corazón coma o noso e a súa vida ten algo que dicimos.

A Biblia é coma un caderno de ruta que recolle a historia dos encontros salvadores de Deus cos homes e as respostas que estes, confiados ou receosos, lle deron. A Biblia é un libro relixioso: os seus autores escribiron inspirados por Deus.

Dous grandes bloques

A Biblia actual está dividida en dúas partes:

- **Antigo Testamento:** recolle a historia do pobo de Israel desde as súas orixes ata unha época próxima ao nacemento de Xesús. Consta de 46 libros de xéneros literarios moi diversos.
- **Novo Testamento:** narra a vida e a mensaxe de Xesús, así como o nacemento da Igrexa. Componse de 27 libros: catro evanxeos, o libro Os Feitos dos apóstolos, 21 cartas e o Apocalipse, último libro da Biblia. O acontecemento central é a vida, morte e resurrección de Xesús.

Testamento significa en hebreo "alianza", "pacto", pero en grego e en galego significa "herdanza legada".

Como e cando se escribiu a Biblia?

O pobo de Israel viviu unha historia axitada. Ao principio, os israelitas foron nómades pero co correr dos anos viviron como escravos. Experimentaron a liberación e conquistaron despois unha terra para habitala e cultivada. Pasaron por diferentes formas de goberno con esperanzas, tensión e rupturas, chegaron a formar un reino. Viviron no desterro e mesturáronse con outros pobos e culturas, recibindo as súas influencias ou cerrándose vigorosamente a elas.

Os israelitas experimentaron que Deus lles saíu ao encontro no medio da súa historia. E este encontro salvounos. Meditaron incansablemente o que Deus fixera con eles, aprendéndoos de boca dos seus pais de xeración en xeración.

Un día decidiron, impulsados por Deus, poñer por escrito esta historia de salvación. Os primeiros acontecementos que redactaron foron a liberación de Exipto e a Alianza de Deus co seu pobo no monte Siná.

Chegou o momento –despois do desterro– en que o pobo de Israel comezou a coleccionar os seus escritos. Agrupou en cinco volumes os escritos que os cristiáns coñecemos co nome de "Pentateuco", o que os xudeus chaman "Lei". Reuniu tamén un segundo bloque de libros cos escritos dos "Profetas". E contemplou a colección co bloque dos escritos "Históricos" e "Sapienciais". As tres coleccións xuntas forman o que chamamos Antigo Testamento.

1 O Libro dos libros

A Biblia é un libro constituído por 73 libros diferentes. Pódese afirmar que é unha biblioteca, de aí que moitos o definan como "o libro dos libros".

Observa atentamente no debuxo de máis abaixo. Contén todos os libros que forman a Biblia. No lombo de cada un deles está escrito o título e unha abreviatura coa que se cita. Non obstante, o debuxante esqueceu algúns títulos e algunhas abreviaturas.

a) Investiga e localiza os títulos que non aparecen neste andel. Escribe nesta táboa nomes. Para iso podes consultar a páxina 11 da Biblia didáctica.

■		■		■	
■		■		■	
■		■		■	
■		■		■	

b) No andel hai libros que non teñen a sigla correspondente. Localízaos e escribe no seguinte cadro, xunto ao nome do libro, a sigla.

Libro	sigla	Libro	sigla	Libro	sigla

c) Se te fixas, ao comezo de cada sección do andel hai un signo (►). Escribe ao seu carón o tipo de libros que compoñen esta sección. Se necesitas axuda, podes consultar a páxina 11 da Biblia didáctica.

